

BANDO

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES, Alcalde do Concello de Pontevedra

FAI SABER

Medidas de redución do consumo de auga do abastecemento municipal por mor da situación de alerta por seca e baixa do caudal do río Lérez

Tras decretar a Xunta de Galicia situación de alerta pola seca que padecemos e ante a grave situación xerada pola baixa do caudal do río Lérez que está a afectar ao servizo de subministro de auga deste Concello, faise preciso adoptar medidas excepcionais dirixidas a asegurar o aforro de auga e o uso racional do recurso; entre outras, a restrición do uso da auga destinada ao consumo humano a encher piscinas, rego de xardíns e outros usos lúdicos, baldeos, limpeza de fachadas ou lavado de vehículos polos particulares.

Á vista do amentado estado de alerta decretado, do disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, na Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, do determinado no Plan excepcional de actuacións ante situación de escaseza cuxuntural do Concello de Pontevedra aprobado o 22/7/2022 e, **tendo en conta a situación real na que se encontra o nivel do río Lérez acreditada nos informes da empresa concesionaria do Servizo**, a Xunta de Goberno Local adoptou no día de hoxe, como medidas inmediatas, as que se indican a continuación.

Xa que logo, esta **Alcaldía**, de conformidade co acordo adoptado neste mesmo día pola Xunta de Goberno Local, dispón:

Que se adopten como medidas inmediatas a partir do día de hoxe, e que serán empregadas durante o tempo xustamente necesario, as seguintes:

1. Comunicar á poboación a entrada nun escenario de alerta por escaseza de auga na conca do Lérez.
2. Prohibir o uso de auga apta para consumo humano para encher piscinas particulares, regos de xardíns e limpeza de coches, etc.
3. Reducir os consumos municipais (baldeos das rúas -agás por motivos de salubridade-, regos de xardíns, fontes ornamentais, e outros).
4. Instar ás empresas e industrias a minimizar o consumo e a un uso razoable da auga do abastecemento municipal, tendo en conta que o uso prioritario é o do abastecemento á poboación.
5. Posta en marcha das medidas sancionadoras correspondentes previstas na normativa aplicable.

É necesario tomar conciencia da importancia de levar a cabo medidas de aforro no consumo da auga, evitando o malgasto e minimizando os usos prescindibles.

O Servizo Municipal de Augas e o persoal técnico do Concello están a traballar en solucións, tanto de emerxencia como a longo prazo, para o caso de que a situación de seca se prolongue no tempo; mais se a situación persiste adoptaranse outras medidas que se irán informando a cidadanía.

Precisamos da axuda dos nosos veciños e das nosas veciñas para conseguir un consumo responsable que axude a manter as reservas o máximo tempo posible.

Remítase aos servizos municipais competentes así coma ao gabinete de prensa, para a súa difusión á cidadanía, con publicación na sede electrónica e no BOP.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento

O voso Alcalde

Asinado por: MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: ALCALDE
Data: 11/08/2026

